



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ACTA N.º 3/2019

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 1 DE ABRIL DE 2019

ASUNTOS

I.- CUESTIÓN PREVIA

ELECCIÓN XERAIS DO 28-04-2019: SORTEO DE COMPOÑENTES DAS MESAS ELECTORAIS.

II.- PARTE RESOLUTIVA

II.1.- ACTA ANTERIOR

II.2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS URBANÍSTICAS OU REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS DE CONTROL E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS E DE INSPECCIÓN, E MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

II.3.- CONTA XERAL DE 2017.

II.4.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 10/19.

II.5.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE NIGRÁN.

II.6.- PETICIÓN DE COMPARECENCIA ANTE O PLENO DO CONCELEIRO DE URBANISMO, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E PERSOAL.

II.7.- PLANS DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

II.8.- RETIRADA DE VALO PUBLICITARIO DE TERREOS MUNICIPAIS.

II.9.- SOTERRAMENTO LIÑAS AÉREAS DE ELECTRICIDADE E TELEFONÍA.

II.10.- ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PLENARIOS RELATIVOS Á REDUCIÓN DAS EMISIÓN DE GASES DE EFECTO INVERNADORA.

II.11.- PROPOSICIÓN RELATIVA Á HABILITACIÓN DA COCINA DO CEIP HUMBERTO JUANES

II.12.- MOCIÓN DE URXENCIA: APROBACIÓN DUN CONVENIO COA XUNTA DE GALIZIA PARA A URBANIZACIÓN DA PO 330 (RÚA OTERO PEDRAYO).

III.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

III.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

III.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- D.^a Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.^a Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D.^a Liliana Silva Pequeño
- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorreto
- D. Miguel Alonso Fernández
- D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

Interventor: D. Modesto Solla Sanz

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- *Data:* Luns, 1 de abril de de 2019
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa do Concello de Nigrán.
- *Carácter da sesión:* Ordinario, ao trasladarse a esta data o pleno ordinario do mes de marzo, para facelo coincidir co sorteo das mesas electorais.
- *Convocatoria:* Primeira
- *Hora de comezo:* 17:02
- *Hora de remate:* 20:50.
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

Incidencias:

a) Alteracións no *quórum* de asistencia:

- *Concelleiros que abandonan a sesión, e momento en que o fan:* D. Diego García Moreira, durante o debate de fondo da Moción de urxencia (punto II.12) e D.^a Liliana Silva Pequeño, durante o punto de rogos e preguntas.

b) Outras incidencias: Coa conformidade dos membros da Corporación o punto II.11. *Proposición relativa á habilitación da cociña do CEIP Humberto Juanes*, tratouse a continuación do punto II.1. *Acta anterior*, en atención á presenza de público interesado na cuestión.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- CUESTIÓN PREVIA

ELECCIÓN XERAIS DO 28-04-2019: SORTEO DE COMPOÑENTES DAS MESAS ELECTORAIS.

Realízase o sorteo mediante a utilización do programa "Conoce" facilitado pola Oficina do Censo Electoral coa coa colaboración do funcionario encargado do proceso informático, D. Manuel Fernández Comesaña. Obtense copia impresa do resultado do mesmo eponse,





acto seguido, á disposición dos membros da Corporación para que poidan consultalo. Incorporárase un exemplar ao expediente da sesión.

II.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 28 de febreiro de 2019.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 28 de febreiro de 2019 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

II.2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS URBANÍSTICAS OU REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS DE CONTROL E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS E DE INSPECCIÓN, E MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

Ditame da Comisión Especial de Contas emitido na sesión extraordinaria do 25 de marzo de 2019 á proposta da Alcaldía:

O Pleno da Corporación, na súa sesión de data 25/10/2018, aprobou a proposta da Comisión Informativa Especial de Contas de data 17/10/2018, sobre toma en consideración da moción presentada polo Grupo Municipal UNIÓN CENTRISTA DE NIGRÁN (UCN), que insta á modificación das Ordenanzas Fiscais reguladoras do “Imposto sobre Construción, Instalación e Obras”, e da “Taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas ou realización das actividades administrativas de control e outros servizos urbanísticos e de inspección”, co fin de que se incorpore unha exención para as construcións afectadas polos incendios forestais, como medida de apoio ás familias afectadas.

Respecto do Imposto sobre Construción, Instalación e Obras, o artigo 9.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece:

“No podrán reconocerse otros beneficios fiscales en los tributos locales que los expresamente previstos en las normas con rango de ley o los derivados de la aplicación de los tratados internacionales.

No obstante, también podrán reconocerse los beneficios fiscales que las entidades locales establezcan en sus ordenanzas fiscales **en los supuestos expresamente previstos por la ley.**” (...)





Asimesmo, os artigos 100.2 e 103.2 do mesmo Texto Legal, regula os supostos de exención e bonificación legalmente previstos en relación con este imposto. Considérase que ningún deses supostos de beneficio fiscal pode dar cobertura á exención solicitada na Moción de referencia, polo que se *propón o seu rechazo polo Pleno da Corporación.*

Respecto da Taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas, ESTA ALCALDÍA – PRESIDENCIA formula a seguinte Proposta de acordo, que deberá someterse á aprobación do Pleno da Corporación:

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO
OUTORGAMENTO DE LICENZAS URBANÍSTICAS OU REALIZACIÓN DAS
ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS DE CONTROL
E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS E DE INSPECCIÓN**

1.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 13.03.19, referencia T 48/19 .

2.- Despois dos desgraciados incendios forestais vividos o pasado ano en Galicia, e, en particular, os que afectaron ó noso municipio, causando graves consecuencias e perdas humanas, así como danos materiais en vivendas e outras construcións, e dado que ditas vivendas e construcións que foron pasto das llamas, deberán ser obxecto de reconstrución ou rehabilitación, o cal está suxeito á preceptiva licenza municipal, compre establecer, como medida fiscal de axuda ás familias afectadas, unha bonificación do 100 % sobre a cota da taxa, que contemple non só os supostos de vivendas danadas ou destruídas por incendios, senon tamén ás danadas ou destruídas por calquera outro fenómeno natural de carácter imprevisible.

A tal efecto, propónse modificar o artigo 7 da Ordenanza Fiscal, que quedará redactado na seguinte forma:

“Artigo 7.- Beneficios Fiscais

Aplicarase unha bonificación do 100 %, sobre a cota da taxa, para aquelas obras de reconstrución ou rehabilitación de vivendas e outras construcións, danadas ou destruídas como consecuencia de fenómenos naturais imprevisibles tales como incendios, inundacións, furacáns, movementos sísmicos ou similares.”

A presente modificación entrará en vigor a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia, do acordo de aprobación definitiva.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: En outubro tomouse en consideración a súa moción, orientada a axudar á rehabilitación das vivendas afectadas polos incendios. A proposta que se trae da Comisión é que na taxa gocen dunha bonificación do 100%, incluíndo tamén os casos doutras catástrofes. Lamenta que non poida aplicarse o mesmo no imposto, por límites legais. Aínda sendo insuficiente, a proposta supón un avance e vai apoiada.





D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez, do grupo Popular: Manteñen a abstención expresada na Comisión.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Apoian a proposta.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: A favor da proposta, sendo partidario desa ampliación a fenómenos naturais imprevisibles.

Sr. Alcalde-Presidente: Tamén considera que é bo que se incorporasen estes fenómenos naturais.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6; PP.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello asume a proposta ditaminada pola Comisión Informativa e, en consecuencia:

- No que se refire ao Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, rexeita modificar a Ordenanza.
- No que se refire á Taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas ou realización das actividades administrativas de control e outros servizos urbanísticos e de inspección, aproba provisionalmente a modificación da correspondente Ordenanza Fiscal, nos termos recollidos no Ditame da Comisión.

II.3.- CONTA XERAL DE 2017.

A Comisión Especial de Contas, na súa sesión extraordinaria do 25 de marzo de 2019, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a conta xeral do Concello de Nigrán do ano 2017.

Vista a única reclamación formulada á conta xeral do Concello de Nigrán do ano 2017, que figura como documento 51 do expediente administrativo correspondente á conta xeral citada.

De conformidade co indicado polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán nun informe do día 18.03.2019, referencia T 56/19 (documento 54 do expediente administrativo correspondente á conta xeral do Concello de Nigrán do ano 2017).

Considerando:





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

a) Que a conta xeral de 2017 pon de manifesto o acaecido no exercizo orzamentario 2017 desde o punto de vista económico, financeiro, patrimonial e orzamentario, según o recollido na contabilidade do Concello de Nigrán.

b) Que mediante as reclamacións á conta xeral non poden ser obxecto de controversia as operacións que lle sirven de base á conta xeral e que a mesma reflicte.

c) Que nos apartados 1, 3, 4, 5, 6, 7, 9 e 10 da reclamación antes citada figuran valoracións e opinións que:

Non cuestionan a existencia nen os importes de ingresos e gastos que a conta xeral reflicte.

Non indican nen acreditan que os importes indicados na conta xeral non sexan conformes cos que resultan da execución orzamentaria e contable do Concello de Nigrán no ano 2017.

Non indican nen acreditan que a conta xeral non reflicta a realidade dos feitos acaecidos en 2017 desde o punto de vista económico, orzamentario, financeiro, patrimonial, e contable.

Non conteñen unha oposición ao contido da conta xeral desde o punto de vista contable.

d) Que, con respecto ao indicado no apartado 2 da reclamación antes citada, e tendo en conta que:

O Balance de situación de 2017 reflicte os datos patrimoniais que figuran na contabilidade municipal e que non poden ser modificados sen a previa (e non realizada) revisión anual, actualización e valoración conforme a Dereito do inventario de bens do Concello de Nigrán.

O Balance de situación de 2017 non está descadrado (como si estaba o balance de situación de 2016 en 57,51 euros correspondentes ao saldo acreedor da conta 557, formalización, debido a un asento contable que a aplicación "E-Sijad" realizaba incorrectamente en compensación de ingresos, e así foi indicado e xustificado ao Consello de Contas de Galicia mediante a correspondente incidencia na conta xeral de 2016).

e) Que, con respecto ao indicado no apartado 8 da reclamación antes citada, e tendo en conta que:

A diferenza de 61.181,81 euros referidos a modificacións de crédito en 2017 que figura nos listados de créditos definitivos de execución de gastos, da conta xeral de 2017 (non así no listado referido ás modificacións de crédito de 2017) é debida a unha improcedente duplicidade en créditos de gastos da reasignación de fondos 2/2017 do SAU-9, relacionada co expediente administrativo de modificación de crédito 4/17 (duplicidade que non deu lugar a ningún asento orzamentario nen contable con cargo á mesma, que foi detectada pola Intervención no feche contable de 2017, e que será comunicada como incidencia ao Consello de Contas de Galicia no envío da conta xeral de 2017).

As diferenzas nos créditos iniciais dos capítulos 1 e 2 do orzamento xeral de 2016 con relación aos créditos iniciais dos mesmos capítulos do orzamento xeral prorrogado de 2017, corresponden na súa totalidade aos axustes realizados na prórroga do orzamento de 2016 para 2017, e así constan no correspondente expediente administrativo.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

De conformidade co establecido no artigo 212 do TRLRFL, no artigo 116 da LRBRL, e no artigo 212 da LALG, propóñolle ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes **acordos**:

Primeiro.- Desestimar integramente a reclamación a conta xeral do Concello de Nigrán do ano 2017, efectuada por don Antonio Fernández Comesaña o día 11.03.2019, rexistro de entrada número 2.983; que figura como documento 51 do expediente administrativo correspondente á conta xeral do Concello de Nigrán do ano 2017.

Segundo.- Aprobar a conta xeral do Concello de Nigrán do ano 2017.

Terceiro.- Notificar estes acordos ao reclamante, indicándolle que poñen fin a vía administrativa e que contra a desestimación da reclamación á conta xeral de 2017, e contra a aprobación da mesma, poderá interpor recurso potestativo de reposición, e/ou recurso contencioso-administrativo no correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, no seu caso, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución de competencias indicadas na Lei 29/1998, de 13 de xuño) na forma e prazos establecidos nas normas da citada xurisdicción; sen prexuízo de que o interesado poida interpor calquera outro recurso que estime legalmente procedente

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Houbo unha alegación de UCN, que foi informada desfavorablemente. Por isto dálle a palabra ao voceiro.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Reclamaron pola demora na presentación, xa que se fixo con moito atraso. Entende que a causa non foron os problemas informáticos, xa que non se lle requiriron responsabilidades á empresa adjudicataria. Pensa que a conta reflicte unha xestión pouco axeitada. O goberno con esta demora tamén atenta contra a transparencia. Segue faltando o inventario de todo o patrimonio. De aquí que as cifras non sexan reais. Non se liquidou á concesionaria da auga o 1,5% a pesar do acordado polo Pleno, e pódense estar perdendo 600.000 euros en 4 anos. Outro aspecto é o incumprimento da regra de gasto e a conseguinte necesidade dun plan económico-financeiro. No último exercicio pode acabar pasando o mesmo. Falta calquera informe da xestión das multas de tráfico, cunha débeda pendente de cobro duns 200.000 euros. Tamén se descobre un desfase debido a un fallo. Hai moitos ingresos pendentes de cobro. O estado de gastos reflicte uns investimentos executados que non chegan ao 30% dos previstos. Incluso en gasto social apréciase esta mesma tendencia de gasto real moi inferior ao previsto. Repasa outras partidas nas que se da a mesma circunstancia. Nos ingresos decaeu a tendencia alcista das multas de tráfico. Algún erro de imputación tamén se detectou, por exemplo sistema de alarma anotado á limpeza viaria ou parcelas do cemiterio de Nigrán confundidos co de Parada. Tampouco se recollen certas débedas a concesionarios. Noutros casos falta a individualización de debedores, por isto pide que se corrixa deixando sobre a mesa o asunto, entre tanto.

D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez, do grupo Popular: Coinciden na tardanza excesiva na presentación, cos prexuízos derivados. Absteranse.





D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Sen prexuízo de que se aclaren os erros, destaca a falta de inventario de bens, así como o progresivo incremento do remanente. Hai que cumprir a regra de gasto e formular o plan económico correspondente. As contratacións irregulares ou as desviacións sobre o contratado son prácticas a denunciar. O mesmo que as subvencións encubertas. Remata destacando a demora e pide que se aclaren os erros mencionados por UCN. Absteranse.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Tamén lle gustaría que se aclarasen os erros. Critica a mala xestión económica que reflicte este remanente. Tamén lle preocupan os prexuízos derivados da demora. Absterase

Sr. Alcalde-Presidente: A conta non valora, reflicte unha situación. A el tamén lle preocupa que se demorase e os posibles prexuízos. Levamos 20 anos sen inventario e isto non impediu aprobar as contas.

Sr. Cuevas Raposo: Sobre o inventario, é algo que veñen reclamando e o goberno non fixo nada.

Sr. Fernández Comesaña: A culpa do atraso non é da oposición e isto non debe impedir corrixir os erros.

Votación da petición de UCN de que o asunto quede sobre a Mesa (art. 92 do ROF).-

Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 1; UCN.
- Votos en contra: 7; PSOE.
- Abstencións: 9; PP, Nigrán Decide e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello rexeita a petición de que o asunto quede sobre a Mesa.

Votación e acordo sobre o asunto.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE.
- Votos en contra: 1; UCN.
- Abstencións: 9; PP, Nigrán Decide e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

II.4.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 10/19.

O Sr. Alcalde-Presidente anuncia a **retirada do asunto**, sen que se formulen obxeccións por parte dos demais membros da Corporación.





II.5.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE NIGRÁN.

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de marzo de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia:

“Expediente num.: 2019/030C.

Antecedentes

Primeiro. O 27 de novembro de 1992 o Concello de Nigrán e SERAGUA S.A. e FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. Unión Temporal de Empresas (constituída en escritura número 3.703 outorgada ante o Notario de Madrid D. José Antonio Escartín Ipiens, o 7 de agosto de 1992), subscribiron o contrato de concesión da xestión integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Agua e Saneamento de Nigrán, que lle fora adxudicado á referida UTE por acordo plenario de 25 de xuño de 1992, segundo o Prego de Condicións Económico-Administrativas e Técnicas aprobado por acordo plenario de 7 de novembro de 1991. A consignación da garantía definitiva por importe de 10.000.000 de pesetas acreditouse mediante carta de pago da tesourería municipal de 28 de xullo de 1992.

Segundo. O 15 de febreiro de 2019 ten entrada no Rexistro municipal (co nº. 1.815) unha solicitude de 1 de novembro de 2018 subscrita pola representación de FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS SA e FCC AQUALIA SA, na que insta ao Pleno do Concello a autorizar a cesión da cota (cifrada no 10 por 100) que a empresa FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS SA ten na UTE adxudicataria deste contrato (actualmente denominada FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS Y FCC AQUALIA UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982 DE 26 DE MAYO, abreviadamente “NIGRAN UTE”) a favor da empresa FCC AQUALIA SA, coa conseguinte disolución e liquidación da referida UTE e a subrogación de FCC AQUALIA S.A. nos dereitos e obrigas da propia UTE. Á referida solicitude xúntanse escrituras de poder dos asinantes. Na correspondente a FCC AQUALIA SA, faise referencia aos sucesivos cambios de denominación a partir da inicial “SERAGUA S.A.”

No mesmo escrito os peticionarios manifestan que se cumpren as esixencias da cláusula 120ª do Prego (transcurso de 5 a nos desde o outorgamento da concesión) e 128.1.5ª do Regulamento de Servizos das Entidades Locais; e que FCC AQUALIA S.A. mantén os elementos acreditativos da solvencia técnica, económica e profesional esixidos para o acceso á licitación e execución do contrato, e ten capacidade para celebrar contratos co Sector Público. Tamén se indica que se levou a cabo a explotación por un prazo superior ao 20 por 100 do contrato e á quinta parte de duración do mesmo; e que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foron determinantes da adxudicación.

Terceiro. Solicitado informe á Secretaría Xeral do Concello sobre o procedemento a seguir emitíuno con data 13/03/2019. Indica que a posibilidade de autorización municipal da cesión pretendida pasa por comprobar que se cumpren as condicións obxectivas e subxectivas requiridas no prego e na normativa aplicable, incorporando ao expediente a acreditación correspondente; que competencia para decidir corresponde ao Pleno da Corporación por ser o órgano de contratación e que, de pronunciarse en sentido favorable, a cesión





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

formalizaríase en escritura pública, a subscribir entre o cedente e o cesionario, debendo este último prestar a oportuna garantía.

Tamén consta informe do Técnico de Xestión de Contratación do Concello, de data 14/03/2019, no que conclúe que FCC AQUALIA S.A. cumpre os requisitos de capacidade e solvencia requiridos para ser adxudicatario deste contrato.

Cuarto. Vista a restante documentación que consta no expediente e tendo en conta o sinalado, propónse ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Autorizar á UTE adxudicataria do contrato de concesión da xestión integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Agua e Saneamento de Nigrán, actualmente denominada FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS Y FCC AQUALIA UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982 DE 26 DE MAYO (abreviadamente "NIGRAN UTE"), a que ceda o referido contrato á empresa FCC AQUALIA S.A., coa conseguinte disolución e liquidación da referida UTE e a subrogación de FCC AQUALIA S.A. nos dereitos e obrigas contractuais da propia UTE.

SEGUNDO.- A cesión do contrato formalizarase en escritura pública, a subscribir entre a UTE cedente e FCC AQUALIA S.A.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía para realizar as actuacións necesarias para a execución do presente acordo, incluída a devolución da garantía definitiva depositada pola UTE cedente; devolución que non se producirá ata que a empresa cesionaria constitúa garantía equivalente, por importe de 60.101,21 euros.

CUARTO.- Dar conta desta decisión á Intervención municipal co fin de que, no seu momento, tome razón contable da cesión e notificar o acordo á UTE cedente e á cesionaria FCC AQUALIA S.A., coa indicación de que pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que o adoptou, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar dende a notificación. Todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Explica os antecedentes. Sintetiza os informes. O acordo que se propón é o de autorización da cesión. Le a proposta.

Dª. María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: Están a favor á vista dos informes.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Piden que quede sobre a mesa. É unha cuestión interna da empresa. Refírese á partida da auditoría que se contempla nos orzamentos. Nos tres últimos anos da duración do contrato habería que fiscalizar a concesión e o prazo normal de duración xa rematou. El pediu diversa documentación relacionada co contrato. A empresa actúa sen control. A isto súmanse as perdas de auga. Por isto reitera que quede sobre a mesa e que se contrate a auditoría.





D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: O que pretende cederse é o 10%. Nos informes non se detectan problemas, aínda que pode haber matizacións políticas. Pensa que tamén debería opinar a Intervención. Coincide con Nigrán Decide en que quede sobre a mesa. Non se ten en conta que habería que practicarlle a liquidación do 1,5%.

Sr. Alcalde-Presidente: Non ten transcendencia económica. Por iso non pasa a Intervención.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: A cesión non afecta ao servizo. Incluso podería facilitar a interlocución. As obrigas poden esixírselle igualmente á cesionaria. Non ve necesario que quede sobre a mesa. Absterase.

Votación da petición de Nigrán Decide de que o asunto quede sobre a Mesa (art. 92 do ROF).-

Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 3; Nigrán Decide e UCN.
- Votos en contra: 7; PSOE.
- Abstencións: 7; PP e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello rexeita a petición de que o asunto quede sobre a Mesa.

Votación e acordo sobre o asunto.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 13; PSOE e PP.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 4; Nigrán Decide, UCN e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

II.6.- PETICIÓN DE COMPARECENCIA ANTE O PLENO DO CONCELLEIRO DE URBANISMO, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E PERSOAL.

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de marzo de 2019 acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción subscrita polo representante do grupo Nigrán Decide.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do día 16 de Xullo de 2015 publicáronse os decretos da Alcaldía do 15 de xuño de 2015, entre as que se fixo a seguinte delegación en D. Diego García Moreira, Concelleiro de Urbanismo, Mobilidade, Medio Ambiente e Persoal:

A delegación comprende, a excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

- Planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística.
- Mobilidade.
- Protección do medio ambiente e actuacións contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.
- Persoal ao servizo do Concello.

II No pleno celebrado o día 16 de maio de 2018 acordouse autorizar que a empresa EPTISA (Servicios de Ingeniería S.L.) ceda o contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Nigrán á empresa Alfonso Botana S.L., quen quedara subrogada en todos os dereitos e obrigacións contractuais da cedente. No punto 3 dese acordo indicábase que a cesión do contrato formalizaríase en escritura pública, a subscribir entre a empresa cedente e a cesionaria.

Segundo resposta do alcalde de Nigrán á pregunta formulada no pleno celebrado o día 31 de xaneiro de 2019, tal como figura na respectiva acta, a cesión entre as dúas empresas asinouuse o 3 de xullo de 2018 en Madrid, ante notario.

Nos pregos polos que se rexe este contrato indícase que o prazo de entrega do documento para a aprobación provisoria é de "Tres meses a contar desde o recibo polo contratista do documento remitido polo Concello co resultado da tramitación administrativa da fase anterior", polo que, sendo moi xenerosos, o prazo para presentar o documento para a aprobación provisoria finalizaba o 2 de outubro de 2018.

III Antes do 23 de setembro do 2018 o alcalde de Nigrán informou que o novo documento do PXOM fora enviado á Dirección Xeral de Patrimonio. Tamén informaba que a Dirección Xeral de Patrimonio dispoñía dun prazo máximo de tres meses para informar o documento.

A principios de outubro ou finais de setembro recibíuse no Concello unha documentación que foi presentada polo goberno municipal en diversos actos. En ditos actos tamén se aseguraba que a Dirección Xeral de Patrimonio dispoñía dun prazo máximo de tres meses para informar o documento, engadíndose que, se non informaban, podería ser considerado o informe como favorable, tal como indica a Lei do solo.

Tamén nestas reunións díxoselle á veciñanza que, pasado ese prazo, o goberno enviaría o documento do PXOM a Augas de Galicia, Portos de Galicia, Axencia Galega de Infraestruturas e ao Servizo Provincial de Costas, para que fose informado.

Finalmente, o documento do PXOM foi enviado o 17 de outubro de 2018 á Dirección Xeral de Patrimonio e, pasados os tres meses máximo que tiña de prazo para que esa Dirección Xeral emitise o informe sobre o PXOM, este non foi emitido polo que, tal como di a lei e como se lle dixo á veciñanza, podería considerarse favorable.

Sen embargo, o goberno decidiu non enviar o documento do PXOM para solicitar o resto dos informes sectoriais necesarios para a que o PXOM sexa aprobado provisoriamente.

É por todo o anteriormente exposto polo que o Grupo Municipal de NIGRÁN DECIDE presenta ao pleno do Concello de Nigrán a seguinte proposta de ACORDO:

Primeiro: O pleno do Concello de Nigrán acorda solicitar a Comparecencia ante este pleno de D. Diego García Moreira, Concelleiro de Urbanismo, Mobilidade, Medio Ambiente e Persoal, para responder ás preguntas que se lle formulen sobre a súa actuación, con especial referencia á tramitación do PXOM."





Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Hai razóns no procedemento para requirir aclaracións. Repasa os últimos trámites, entre eles a falla de petición de novos informes. Dálle lectura á parte dispositiva da proposta.

Sr. Alcalde-Presidente: Votarán a favor.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Debería comparecer todo o goberno. A pesar do comportamento amigable da oposición e doutros factores favorables, despois de 4 anos a situación do Plan está estancada. Pide que reflexione o goberno sobre a situación do fracaso na tramitación. A favor da comparecencia.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Tamén votará a favor aínda que o momento non parece o máis idóneo, dada a proximidade das eleccións. Incluso pode ocorrer que o Plan tampouco se aprobe na próxima lexislatura.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Tamén apoia a comparecencia, xa que non hai outras vías máis normais de obter información. Ten claro que nas vésperas das eleccións non se deben dar pasos transcendentales na tramitación.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Eles asumiron a aprobación inicial para evitar o fracaso completo do proceso.

Sr. Fernández Comesaña: Segue pensando que aquela aprobación non era procedente. Os números tampouco lle dan, por iso é pesimista.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

II.7.- PLANS DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de marzo de 2019 acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción subscrita polo representante do grupo Nigrán Decide.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I A pesar dos grandes avances producidos na situación das mulleres nas últimas décadas, aínda persisten importantes desigualdades entre mulleres e homes. É evidente que existen ámbitos nos que se eliminaron discriminacións e que as desigualdades tamén diminuíron, pero aínda quedan





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

outros onde a falla de igualdade segue a manifestarse con toda dureza, como é o caso da violencia contra as mulleres.

Hoxe tampouco ofrece a nosa sociedade as mesmas oportunidades a mulleres e homes en ámbitos como, por exemplo, o laboral: as mulleres seguen estando empregadas, maioritariamente, nalgúns dos sectores laborais peor retribuídos, están infrarrepresentadas en postos de responsabilidade; e persisten disparidades en canto á dedicación ás tarefas de coidado familiar e do fogar que dificultan as súas posibilidades de conciliar a vida persoal, laboral e familiar, o que as sitúa en desvantaxe á hora de desenvolver a súa opción de carreira profesional.

Neste contexto, os plans de igualdade promovidos polas administracións públicas xorden co ánimo de eliminar a fenda existente entre a igualdade legal formal e a igualdade real, poñendo en funcionamento mediante a súa implantación políticas públicas encamiñadas a superar a desigualdade de xénero.

Pero é o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, o máis idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, de prevención e erradicación da violencia de xénero e para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social.

II Se ben desde Nigrán, especialmente desde o Centro de Información á Muller fanse múltiples actividades, consideramos que estas deben estar incluídas nunha planificación para conseguir uns obxectivos ambiciosos e o suficientemente realistas para que poida ser realizado, polo que deberá establecer uns obxectivos que se poidan alcanzar.

III En Nigrán, o Plan de igualdade de oportunidades para o período 2011-2014 xa finalizou e non consta que se teñan avaliado os resultados obtidos.

Cómpre elaborar un novo Plan de igualdade que debe constituír a ferramenta básica para seguir avanzando nos próximos catro anos cara á plena igualdade das mulleres e homes de Nigrán.

É por todo o anteriormente exposto polo que o Grupo Municipal de NIGRÁN DECIDE presenta ao pleno do Concello de Nigrán a seguinte proposta de ACORDOS:

1º.- Instar ao Goberno Municipal a elaborar un informe detallado sobre o cumprimento do II Plan de igualdade de oportunidades 2011-2014 e avaliación dos resultados obtidos.

2º.- Instar ao Goberno Municipal a elaborar o III Plan de igualdade de oportunidades 2020-2023.

3º.- Instar ao Goberno Municipal a seguir unha metodoloxía para a elaboración do Plan de igualdade de oportunidades que garanta a participación cidadá e do tecido asociativo de Nigrán. En todo caso, o plan deberá ser sometido ao Pleno da Corporación para a súa aprobación final.

4º.- Instar ao Goberno Municipal a incorporar nos próximos orzamentos municipais as partidas de gastos necesarias para a execución do Plan de igualdade de oportunidades 2020-2023.

5º.- Facultar ao alcalde para adoptar as medidas necesarias para executar este acordo.”

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Dálle lectura á proposta. Esta Corporación xa non poderá executar este acordo, pero a cuestión é institucional.





D^a. María Carmen Alonso Macías Jorreto: Votarán a favor. O último plan proven dun goberno do PP. O PSOE non se ocupou disto na súa etapa, a pesar do que din.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Mantén o apoio dado na Comisión.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Unha concelleira nacionalista foi a impulsora deste proceso. Pensa que é oportuno.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

II.8.- RETIRADA DE VALO PUBLICITARIO DE TERREOS MUNICIPAIS.

A) Ditame da Comisión.

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de marzo de 2019 acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción subscrita polo representante do grupo Nigrán Decide.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I Desde o pleno celebrado o día 30 de novembro de 2017 o goberno municipal é coñecedor da existencia dun valo publicitario en Prado (Priegue).

Desde, cando menos, o día 1 de febreiro de 2018 o goberno municipal é coñecedor de que ese valo publicitario non ten licenza.

O 12 de febreiro de 2018 o inspector de tributos, a petición do requirimento do Concelleiro D. José Cuevas Raposo, voceiro de Nigrán Decide, realizou un informe sobre dito valo publicitario.

Como consecuencia de dito informe, o 9 de marzo de 2018 o alcalde asinou unha providencia pola que se iniciaba o procedemento de reposición da legalidade urbanística, no que se indica o presunto responsable e o número de referencia catastral da finca en que está situado o valo publicitario.

II É, polo tanto, o alcalde coñecedor desde o 9 de marzo de 2018 que unha das empresas que lle fixo a campaña electoral ao PSOE nas eleccións municipais ten un valo publicitario sen licenza en Prado, non dando ningún tipo de resultado as actuacións do goberno desde ese día, xa que o valo publicitario segue instalado nese lugar.

Ademais, o alcalde é coñecedor, cando menos desde o 18 de setembro de 2018, de que a parcela con referencia catastral: 5377403NG1657N0001BB, onde se encontra instalado o valo publicitario instalado por unha das empresas que lle fixo a campaña electoral ao PSOE nas eleccións municipais é de titularidade municipal, xa que ese día asinou a providencia de inicio do contrato de





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

subministración de elementos para un parque biosaudable en Prado na que se indica “Vista a memoria valorada referida e para satisfacer as necesidades indicadas”. En dita memoria valorada de data 21 de agosto de 2018 indícase que a parcela con número de referencia catastral 5377403NG1657N0001BB é de titularidade municipal.

III Por todo o anteriormente exposto e dado que resulta inconcibible que se instale un valo publicitario nunha propiedade municipal e que despois de un ano e catro meses de ter coñecemento deses feitos o goberno municipal non actúe é polo que o Grupo Municipal de NIGRÁN DECIDE presenta ao pleno do Concello de Nigrán as seguintes propostas de ACORDOS:

1. O Pleno Concello de Nigrán acorda instar ao Alcalde a retirar dito valo publicitario dos terreos municipais nos que se atopa instalado, no prazo de 10 días naturais.
2. Dar traslado deste acordo a:
 - Subdelegación do goberno.
 - Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia.
 - Valedora do pobo. “

B) Emenda de substitución do grupo Nigrán Decide:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Desde o pleno celebrado o día 30 de novembro de 2017 o goberno municipal era coñecedor da existencia dun valo publicitario en Prado (Priegue).

Desde, cando menos, o día 1 de febreiro de 2018 o goberno municipal era coñecedor de que ese valo publicitario non tiña licenza.

O 12 de febreiro de 2018 o inspector de tributos, a requirimento do concelleiro D. José Cuevas Raposo, voceiro de Nigrán Decide, realizou un informe sobre dito valo publicitario.

Como consecuencia de dito informe, o 9 de marzo de 2018 o alcalde asinou unha providencia pola que se iniciaba o procedemento de reposición da legalidade urbanística, no que se indica o presunto responsable e o número de referencia catastral da finca en que está situado o valo publicitario.

II

É, polo tanto, o alcalde coñecedor desde o 9 de marzo de 2018 de que unha das empresas que lle fixo a campaña electoral ao PSOE nas eleccións municipais de 2015 tiña un valo publicitario sen licenza en Prado, non dando ningún tipo de resultado as actuacións do goberno desde ese día, xa que o valo publicitario seguiu instalado nese lugar.

Ademais, o alcalde era coñecedor, cando menos desde o 18 de setembro de 2018, de que a parcela con referencia catastral: 5377 403NG1657N0001 BB, onde se encontraba o valo





publicitario instalado por unha das empresas que lle fixo a campaña electoral ao PSOE nas eleccións municipais de 2015 é de titularidade municipal, xa que ese día asinou a providencia de inicio do contrato de subministración de elementos para un parque biosaudable en Prado na que se indica "Vista a memoria valorada referida e para satisfacer as necesidades indicadas". En dita memoria valorada de data 21 de agosto de 2018 indícase que a parcela con número de referencia catastral 5377403NG1657N0001 BB é de titularidade municipal.

III

O día 21 de marzo de 2019 a comisión informativa de asuntos xerais ditaminou favorablemente unha moción presentada por NIGRÁN DECIDE na que o Pleno Concello de Nigrán acorda instar ao Alcalde a retirar dito valo publicitario dos terreos municipais nos que se atopa instalado, no prazo de 10 días naturais.

As actuacións do goberno desde o 9 de marzo de 2018, data desde a que o goberno era coñecedor de que unha das empresas que lle fixo a campaña electoral ao PSOE nas eleccións municipais de 2015 tiña en Prado un valo publicitario sen licenza, non dando ningún tipo de resultado até o día 26 de marzo de 2019, cinco días despois do ditame favorable da comisión informativa de asuntos xerais, en que dito valo foi retirado.

Por todo o anteriormente exposto e dado que resulta inconcibible que se instale, sen licenza, un valo publicitario nunha propiedade municipal e que despois de un ano e catro meses de ter coñecemento deses feitos o goberno municipal soamente actúe ante o ditame favorable da comisión informativa de asuntos xerais é polo que o Grupo Municipal de NIGRÁN DECIDE presenta ao pleno do Concello de Nigrán as seguintes propostas de **ACORDOS:**

1. O Pleno Concello de Nigrán reproba ao alcalde a pouca dilixencia, con relación a este caso, na defensa do patrimonio municipal.
2. Dar traslado deste acordo a:
 - Subdelegación do goberno.
 - Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia.
 - Tribunal de Cuentas.

C) Emenda de UCN:

Propón engadir ao novo texto proposto por Nigrán Decide os seguintes puntos:

3. Practicar, de ser procedente, a liquidación de taxas que corresponda por a ocupación do dominio público durante o tempo de permanencia da valla publicitaria na parcela municipal sin autorización alguna.
4. Asimismo iniciar expediente por a ocupación ilegal do dominio público, e en su caso, a imposición de las sanciones a que hubiere lugar.

Deliberación.- Síntese das intervencións:





D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Ten unha emenda á totalidade dado que recentemente retirouse o valo. Dálle lectura.

D^a. María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: É un exemplo da desidia do goberno municipal. Houbo que esperar á última hora para que se tomasen medidas.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Ten unha emenda adicional á de Nigrán Decide. O deixamento municipal foi patente. O que pretende é que, ademais, se lle esixan responsabilidades á empresa. Hai unha cesión ao Concello de parte desa parcela, tal e como consta nun acordo plenario.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Hai demoras nos procedementos de restauración da legalidade. Aquí houbo polo menos desinterese. Lamenta non coñecer antes as emendas.

Sr. Cuevas Raposo: Acepta a incorporación da emenda de UCN na súa.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Ten dúbidas se se pode aceptar o punto 3 de UCN.

Sr. Fernández Comesaña: Hai informes no expediente que acreditan a existencia do valo.

Sr. Rodríguez Fernández: descoñece se o concepto de valo existe dentro da taxa de ocupación do dominio público.

Sr. Fernández Comesaña: Engadiríalle a expresión “de ser procedente”.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 7; PSOE.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, aceptando as emendas formuladas,
ACORDA:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.- Desde o pleno celebrado o día 30 de novembro de 2017 o goberno municipal era coñecedor da existencia dun valo publicitario en Prado (Priegue).

Desde, cando menos, o día 1 de febreiro de 2018 o goberno municipal era coñecedor de que ese valo publicitario non tiña licenza.

O 12 de febreiro de 2018 o inspector de tributos, a requirimento do concelleiro D. José Cuevas Raposo, voceiro de Nigrán Decide, realizou un informe sobre dito valo publicitario.





Como consecuencia de dito informe, o 9 de marzo de 2018 o alcalde asinou unha providencia pola que se iniciaba o procedemento de reposición da legalidade urbanística, no que se indica o presunto responsable e o número de referencia catastral da finca en que está situado o valo publicitario.

II.- É, polo tanto, o alcalde coñecedor desde o 9 de marzo de 2018 de que unha das empresas que lle fixo a campaña electoral ao PSOE nas eleccións municipais de 2015 tiña un valo publicitario sen licenza en Prado, non dando ningún tipo de resultado as actuacións do goberno desde ese día, xa que o valo publicitario seguiu instalado nese lugar.

Ademais, o alcalde era coñecedor, cando menos desde o 18 de setembro de 2018, de que a parcela con referencia catastral: 5377 403NG1657N0001 BB, onde se encontraba o valo publicitario instalado por unha das empresas que lle fixo a campaña electoral ao PSOE nas eleccións municipais de 2015 é de titularidade municipal, xa que ese día asinou a providencia de inicio do contrato de subministración de elementos para un parque biosaudable en Prado na que se indica "Vista a memoria valorada referida e para satisfacer as necesidades indicadas". En dita memoria valorada de data 21 de agosto de 2018 indícase que a parcela con número de referencia catastral 5377403NG1657N0001 BB é de titularidade municipal.

III.- O día 21 de marzo de 2019 a comisión informativa de asuntos xerais ditaminou favorablemente unha moción presentada por NIGRÁN DECIDE na que o Pleno Concello de Nigrán acorda instar ao Alcalde a retirar dito valo publicitario dos terreos municipais nos que se atopa instalado, no prazo de 1 O días naturais.

As actuacións do goberno desde o 9 de marzo de 2018, data desde a que o goberno era coñecedor de que unha das empresas que lle fixo a campaña electoral ao PSOE nas eleccións municipais de 2015 tiña en Prado un valo publicitario sen licenza, non dando ningún tipo de resultado até o día 26 de marzo de 2019, cinco días despois do ditame favorable da comisión informativa de asuntos xerais, en que dito valo foi retirado.

Por todo o anteriormente exposto e dado que resulta inconcibible que se instale, sen licenza, un valo publicitario nunha propiedade municipal e que despois de un ano e catro meses de ter coñecemento deses feitos o goberno municipal soamente actúe ante o ditame favorable da comisión informativa de asuntos xerais.

PARTE DISPOSITIVA:

1. O Pleno Concello de Nigrán reproba ao alcalde a pouca dilixencia, con relación a este caso, na defensa do patrimonio municipal.

2. Dar traslado deste acordo a:

- Subdelegación do Goberno.
- Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia.
- Tribunal de Cuentas.





3. Practicar, de ser procedente, a liquidación de taxas que corresponda pola ocupación do dominio público durante o tempo de permanencia do valo publicitario na parcela municipal sen autorización algunha.

4. Do mesmo xeito, iniciar expediente pola ocupación ilegal do dominio público e, no seu caso, a imposición das sancións a que houbese lugar.

II.9.- SOTERRAMENTO LIÑAS AÉREAS DE ELECTRICIDADE E TELEFONÍA.

Previa declaración de urxencia, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de marzo de 2019 acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción subscrita polo representante do grupo Unión Centrista de Nigrán:

“Exposición de Motivos:

1.- En la mayor parte del suelo urbano existen líneas de telefonía y eléctricas en instalaciones aéreas de media o baja tensión en postes de hormigón o madera que discurren por la mayoría de las calles del municipio, especialmente en suelos clasificados como urbanos en las Normas Subsidiarias de Planeamiento Urbanístico del Ayuntamiento de Nigrán (NNSS) y actualmente en vigor, dificultando en muchos casos el libre paso por las aceras con la incomodidad que supone para los peatones, así como también producen un efecto antiestético e impacto visual negativo en el entorno.

2.- Precisamente el decreto 83/2018 por el que se aprueba el Plan básico Autonómico y publicado en el DOGA número 162 del 27/8/20 18, como instrumento de planeamiento general básico y complementario de aplicación en los Ayuntamientos, donde se establece una serie de normas y entre ellas también para acabar con el feísmo, no solo en las construcciones sino también lo que puede suponen las líneas eléctricas y de telefonía aéreas, donde recoge expresamente que "no solo urbano soterraranse as instalacións eléctricas de todo tipo".

3.- Dado que existe en diversas zonas de suelo urbano del municipio -especialmente en el litoral costero-, y en concreto en la urbanización Dunas de Gaifar, donde se pueden ver los tendidos aéreos y en postes de hormigón y madera lo que produce un grave impacto visual que no solo deteriora el entorno sino que también produce un feísmo que la ley pretende combatir.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno la adopción del siguiente, ACUERDO:

PRIMERO.- Instar al Alcalde-Presidente para que ordene a las compañías distribuidoras del servicio eléctrico y telefonía que operan en el municipio, que lleven a cabo de forma inmediata un plan para el soterramiento de todas las líneas aéreas en las zonas clasificadas como de suelo urbano en las actuales Normas Urbanísticas, especialmente en la urbanización Dunas de Gaifar, así como también en todo el litoral costero, tal y como dispone el Plan Básico Autonómico y las NNSS de planeamiento municipal en vigor.

SEGUNDO.- Dar traslado a la Consellería de economía , empleo e Industria, a objeto de que impulse y articule los mecanismos de control que permita el cumplimiento de normativa en vigor.”

Deliberación.- Síntese das intervencións:





D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Le a proposta. É un problema que afecta a distintos tipos de solo. Os postes colócanse fóra de aliñamento. Hai que buscar o cumprimento por estas compañías das súas obrigas. Espera que prospere a moción.

D^a. María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: Están a favor, incluso no núcleo rural.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Están a favor.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

II.10.- ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PLENARIOS RELATIVOS Á REDUCIÓN DAS EMISIÓN DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO.

Previa declaración de urxencia, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de marzo de 2019 acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción subscrita polo representante do grupo Nigrán Decide:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I O 31 de marzo de 2016 o Pleno da Corporación de Nigrán aprobou por unanimidade a proposta do grupo municipal socialista relativa ás CIDADES LIBRES DE CO₂, emendada polo grupo municipal de Nigrán Decide para que a Estratexia de loita contra o Cambio Climático que tiña que elaborarse e aprobarse incluíra un plan de aforro e eficiencia enerxética e un plan de mobilidade sostible.

En concreto acordouse “Aumentar progresivamente as capacidades do concello para facer fronte ás consecuencias do cambio climático que xa se está producindo”, “Identificar os focos de emisións de gases de efecto invernadoiro máis importantes e concretar uns obxectivos propios ambiciosos de redución de emisións de CO₂ de aquí ao ano 2050, estruturados e calendarizados en diversas etapas temporais intermedias (cando menos a 2020, 2030 e 2050), adoptando como mínimo os obxectivos marcados pola Unión Europea en cada período”, desenvolver e aprobar unha Estratexia de loita contra o Cambio Climático, que inclúa un plan de aforro e eficiencia enerxética e un plan de mobilidade sostible, incluíndo a participación da cidadanía na toma de decisións da planificación municipal para o desenvolvemento da estratexia de loita contra o cambio climático e como mecanismo de control para a correcta posta en marcha destas medidas.

II O 31 de maio de 2016 o Pleno da Corporación de Nigrán aprobou por unanimidade a proposta do grupo municipal do BNG sobre FOMENTO DOS DESPRAZAMENTOS SOSTIBLES.

En concreto acordouse “Incluír no Plan de mobilidade que vai realizar o Concello de Nigrán un específico plan de mobilidade no traballo que, entre outras medidas, impulse o uso do transporte





público, a bicicleta e o desprazamento a pé como medios para acudir a traballar, establecendo medidas para incentivalo como poden ser as de tipo económico, de flexibilidade horaria, etc.", "Realizar unha auditoría do número de vehículos existentes na flota do Concello de Nigrán así como do seu estado", "Recuperar durante a temporada estival o servizo de vixilancia policial en bicicleta" e "Substituír os vehículos municipais que máis quilómetros fan ao ano, e sempre que as características do servizo o permitan, por modelos eléctricos libres de ruídos e que non provocan ningún efecto negativo na saúde dos cidadáns ao non emitir ningún dos gases que afectan á calidade do aire urbano -óxidos de nitróxeno (Nox), hidrocarburos (HC) ou monóxido de carbono (CO), partículas e outros."

III O 21 de decembro de 2016 o Pleno da Corporación de Nigrán aprobou por unanimidade a proposta do grupo municipal de Nigrán Decide relativa a un PLAN DE AFORRO NA FACTURA DE ELECTRICIDADE, na que se acordaba, entre outras cuestións, que se realizase un plan de investimentos a curto, medio ou longo prazo, para adaptar todas as instalacións de alumeadado público de Nigrán, que se priorizarán tendo en conta a valoración de riscos mencionada no punto 3 dos acordos e o aforro previsto na auditoría polo cambio de luminarias por unhas con tecnoloxía LED, para o cal, como mínimo, empregárase unha partida de 100.000 euros, que se incrementaría anualmente coa cantidade de diñeiro correspondente ao aforro na factura eléctrica do Concello como consecuencia da realización das medidas propostas neste acordo, recorrendo, se é necesario e axeitado, a liñas de financiamento.

IV A corporación de Nigrán descoñece o grao de cumprimento deses acordos aprobados polo pleno da Corporación por unanimidade.

É por todo o anteriormente exposto polo que o Grupo Municipal de NIGRÁN DECIDE presenta ao pleno do Concello de Nigrán a seguinte proposta de ACORDO:

1º.- Instar ao Alcalde de Nigrán que dea conta aos grupos municipais do estado de execución e cumprimento dos acordos aprobados por unanimidade dos plenos celebrados o 31 de marzo de 2016, o 31 de maio de 2016 e o 21 de decembro de 2016 relativos á redución das emisións de gases de efecto invernadoiro por parte do Concello de Nigrán."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Dálle lectura á proposta.

Dª. María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: Houbo un debate na Comisión e cambiouse unha iniciativa do Alcalde. Votarán a favor.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Rexeitouse na Comisión unha proposta do Goberno para que o Alcalde xustificase o que fixera en relación cunha moción anterior sobre esta cuestión. Hai que abordar esta problemática de forma global e que o goberno dea conta do seu labor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Non se sabe cando vai dar conta o Alcalde, e tamén pregunta sobre o plan de mobilidade en relación con estas cuestións, circunstancia que o seu grupo xa evidenciou no seu momento.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.





- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

II.11.- PROPOSICIÓN RELATIVA Á HABILITACIÓN DA COCIÑA DO CEIP HUMBERTO JUANES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A dirección, a ANPA e o Consello Escolar do CEIP Humberto Juanes de Nigrán está traballando nun proxecto de rehabilitación da cociña do centro co obxectivo de que no curso 2019-20 poidase ofertar dende a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a explotación de dita cociña para elaborar o xantar dos nenos e nenas deste centro Educativo.

Non se trata dun capricho nin dunha proposta utópica xa que, por un lado, o cociñado no propio Centro conlevará unha alimentación moito máis san para o seu alumnado e por outro esta fórmula de contratación do servizo da xestión do comedor escolar en centros educativos por procedemento aberto é unha realidade en polo menos 32 centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

O CEIP Humberto Juanes de Nigrán dispón das instalacións adecuadas para a creación de esa cociña, por suposto adaptada as necesidades do centro e as obrigas sanitarias, e só precisaría unha habilitación da cociña cuio coste estimado nuns 83.900€ podería financiarse cun convenio entre o Concello de Nigrán e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ou daquel xeito que fora realizable no menor prazo de tempo posible.

Hai que sinalar que as administracións educativas potenciarán que os centros públicos poidan ofrecer actividades e servizos complementarios co fin de favorecer que amplíen a súa oferta educativa para atender as novas demandas sociais, así como que poidan dispoñer dos medios adecuados, particularmente daqueles centros que atendan unha elevada poboación de alumnos con necesidade específica de apoio educativo. O comedor escolar nestes intres vai máis alá, xa que alcanza novas virtualidades, derivadas da súa condición de importante instrumento para a conciliación da vida laboral e familiar

1.- SEGURIDADE ALIMENTARIA

O servizo de restauración para colectivos numerosos conlevará unha carga importante de responsabilidade considerado o crecente número de alerxias alimentarias, intolerancias e dietas especiais.

Para traballar coa máxima tranquilidade e conseguir os mellores resultados, requírese un sistema de traballo que elimine calquera risco de contaminación cruzada ou ruptura da cadea de frío asegurándose ao mesmo tempo a hixiene.

2.- ALIMENTACIÓN SAUDABLE





A alimentación é un dos piares fundamentais da saúde e máis relevante se falamos dos nosos nenos e nenas, xa que a través dela reciben os nutrientes necesarios para o seu óptimo crecemento e desenvolvemento.

É moi importante dar un paso ao fronte, hacia hábitos alimenticios que contraresten a tendencia do uso de produtos ultraprocesados cun baixo ou case nulo valor nutricional a través de ingredientes como: azúcares, grasas vexetais pouco saudables, fariñas refinadas, aditivos de todo tipo, exceso de sal.

Con todo o anteriormente exposto, independentemente da elaboración por parte de profesionais de menús equilibrados, como se fai actualmente, privilexaríamos produtos frescos procedentes do comercio local.

3.- COCIÑAR "IN SITU"

O actual sistema de catering prevé que todas as fases previas ao consumo do prato (pedidos, recepción, almacenamento, elaboración) sexan realizadas fora dos centros. Somentes a derradeira fase a de conservación da temperatura e emplatado faise no destino final.

Este proceso pode ser válido e o resultado final non sempre se ve perxudicado. Actualmente é o que temos no colexio.

- **CALIDADE DO COCIÑADO E VARIACIÓN DA TEMPERATURA:** no noso centro a modalidade de catering establece que a comida sexa transportada en contedores que manteñen a temperatura dos alimentos. Os controles son estrictos do contrario pódese poñer en perigo a seguridade dos comensais. O problema é que os menús elaborados para axustarse a este modelo de servizo de catering poden ser menos variados.
- **CULTURA NA COCIÑA:** Separar físicamente o proceso de elaboración dos pratos do resultado final, alonxa aos nenos e as nenas da materia prima, da súa transformación, do concepto de esforzo e traballo.
Non todas as familias poden transmitir estes coñecementos nin valores transversais aos seus fillor e fillas e a actividade diaria da cociña nos colexios pode contribuir a colmar esta laguna, transformándoa nunha ferramenta educativa.
- **COCIÑA FAMILIAR:** En toda casa hai unha cociña, que soe ser un dos ambientes máis frecuentados polos nosos nenos e nenas. Este lugar cobra unha importancia enorme nas primeiras etapas da vida, nas que a nutrición cubre un papel fundamental no ritmo de cada día. Poñer a funcionar unha cociña no cole, pode axudar a vivilo como un ambiente máis cercano e familiar.
- **MENÚ A MEDIDA:** É moi importante coñecer a quen alimentamos. Se o obxectivo é conseguir unha alimentación san e ao mesmo tempo rica, non debemos esquecer o aspecto subxetivo que ten esta valoración. Un prato espectacular para un adulto, en ocasións, non podrá despertar ningún interese para o público infantil. De nada serve ter pratos moi sans e ben elaborados, se os nosos comensais non os comen. Para elo é moi importante a elaboración de menús equilibrados e axustados aos perfís do noso alumnado.
- **MENÚ PARA PÚBLICO INFANTIL:** O período escolar é unha etapa marcada por un gran desenvolvemento físico e intelectual, adquisición de capacidades e destrezas.





É un momento esencial no que inculcar e consolidar uns correctos hábitos de alimentación e de estilo de vida en xeral que van definir a saúde do alumnado e, polo tanto, a saúde do adulto no que se convertirá. A escola, convírtese nunha área estratéxica, xa que é un medio idóneo para a divulgación, aprendizaxe e realización de hábitos e estilo de vida saudables.

Resulta imprescindible a realización e elaboración de pratos que sexan atractivos para os cativos e que ao mesmo tempo aporten os nutrientes que necesitan.

Por todo isto a Corporación de Nigrán propón para a súa aprobación polo Pleno do Concello o seguinte **ACORDO**:

1- Proceder á modificación de crédito para habilitar a cociña do CEIP Humberto Juanes e emprazar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que saque a concurso a contratación do servizo da xestión do comedor escolar por procedemento aberto suxeito a regularización harmonizada e tramitación urgente.

2.- Solicitar á Consellería de Educación que as novas instalacións que se habiliten con fondos municipais do CEIP Humberto Juanes para que os demais centros educativos de nigrán que así o desexen poidan solicitar á Xunta de Galicia que saque a concurso a contratación do servizo da xestión do comedor escolar por procedemento aberto suxeito a regularización harmonizada e tramitación urgente utilizando como cociña a habilitada no CEIP Humberto Juanes.

3.- Comunicar á Consellería de Educación que calquera contratación de novo servizo de cociña e comedor debe conlevar obrigatoriamente a subrogación do persoal de cada un dos centros que actualmente levan a cabo o servizo de comedor en moitos casos dende dende hai máis de 10 anos.

Votación e acordo sobre a ratificación da inclusión do asunto na Orde do Día (art. 82.3 do ROF). Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Repasa as actuacións levadas a cabo desde o anterior acordo plenario. Esta é unha iniciativa de toda a Corporación. Sintetiza os aspectos básicos da proposición, dándolle lectura á parte expositiva, concluíndo que supón un avance sobre o xa acordado.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Agradece a iniciativa que partiu da Dirección do colexio. As necesidades están claras e a colaboración entre as institucións é imprescindible. A mellora na alimentación dos nenos e nenas é a clave. O seu grupo apoiará a proposta.





D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Van apoiar a proposta, do mesmo xeito que o fixeron coa anterior. De momento aínda non se está aprobando a modificación de crédito, senón que esta deberá vir ao próximo Pleno.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Mantén a súa postura de apoio á iniciativa. Dado que os demais centros escolares se uniron á demanda hai que axustar as decisións a esta nova realidade. Outra das cuestións suscitadas foi a preocupación do actual persoal de atención no comedor, de aí a proposta da súa subrogación. Critica a actitude da Xunta de Galicia, que non deu resposta ás demandas municipais. As instalacións teñen capacidade para afrontar as demandas.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Comenta as vantaxes deste sistema que xa conta con precedentes noutros lugares. Agora o necesario é contar coa vontade de quen ten que levar adiante o proceso. Para isto haberá que convencer á Consellería.

Votación e acordo sobre o asunto.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a Proposición.

II.12.- MOCIÓN DE URXENCIA.

Do grupo BNG: APROBACIÓN DUN CONVENIO COA XUNTA DE GALIZA PARA A URBANIZACIÓN DA PO 330 (RÚA OTERO PEDRAYO).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Rúa Otero Pedrayo (PO 3330) é unha vía dun quilómetro de lonxitude que conecta transversalmente as dúas principais vías de comunicación de Nigrán, a PO 552 (Avda. Val Miñor) e a PO 325 (Estrada pola vía). É, polo tanto, unha estrada primordial para vertebrar as comunicacións do concello, sendo a vía de conexión entre as parroquias de Camos e Nigrán coa de Panxón.

Malia a súa importancia, presenta un estado lamentable, tanto a calzada como, especialmente, as beiravías, que nalgúns puntos chegan a supor un auténtico perigo para a seguridade viaria e peonil. Isto ten provocado as denuncias dos veciños ao propio concello, incluso con casos de lesións, que este non pode solucionar por tratarse dunha vía de titularidade autonómica.

Como consecuencia disto, o concello de Nigrán aprobou xa en 2016, por unanimidade, unha moción do goberno municipal instando á Xunta de Galiza á urbanización da vía e a súa posterior cesión á administración local. No mesmo sentido o BNG presentou nos últimos anos emendas aos respectivos orzamentos da Xunta, para que esta habilítase unha





partida nos mesmos para proceder ao seu arranxo, ao igual que o fixo o Partido Socialista, con nulo éxito en ambos casos.

O propio concello, no ano 2017, encargou unha memoria valorada das actuacións necesarias, que estima nun importe global de 634.312,86 euros o preciso para levalas a cabo, se ben unha parte das mesmas corresponderíanse coa renovación e reposición de servizos municipais.

A maiores, e dada a importancia que esta cuestión ten para nós, a súa situación foi obxecto de debate na negociación do orzamento municipal do 2018, sendo, unha das esixencias do BNG para o apoiar, a redacción, por parte do goberno municipal, dunha proposta de convenio para remitir á Xunta de Galiza para proceder á urbanización da rúa.

Transcorrido o exercicio pasado e a piques de rematar o mandato, este, ao igual que outros acordos, foi incumplido, polo que o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

1.- Instar ao Goberno Municipal a elaborar de xeito inmediato unha proposta de convenio para remitir á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para a renovación e urbanización da rúa Otero Pedrayo (PO 3330), con base na memoria valorada xa existente e o reparto de custos dos diferentes conceptos, que deberá ser elevada para a súa aprobación plenaria na sesión ordinaria do mes de abril.

2.- Instar ao Goberno Municipal a elaborar unha carta de presentación que deberá acompañar á proposta de convenio, e que será asinada por todos os portavoces dos Grupos Municipais que así o consideren.

Deliberación sobre a urxencia. Síntese das intervencións:

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: A xustificación a urxencia resulta da propia moción.

Votación e acordo relativo á urxencia.- Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.

Deliberación sobre o fondo do asunto.- Síntese das intervencións:

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Le a moción.





D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: O BNG apoiou os orzamentos do goberno, pero era un cheque en branco. Esta é unha proba. O PP arranxou un tema semellante na rúa Rans. Non hai que descartar un cambio de titularidade. Hai que forzar á Xunta para que isto se arranxe. Apoian a moción.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: A favor da moción.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Hai que coidar máis as formas na presentación das mocións de urxencia. Hai responsabilidade tamén do goberno anterior, ademais da mesma cor política que a da Xunta de Galicia. UCN non lle deu ao goberno un cheque en branco. El si contribuíu na súa etapa de goberno a que se mellorase unha parte da rúa. A actuación da Xunta con Nigrán é lamentable.

Sr. Alcalde-Presidente: Están a favor da moción. É unha estrada autonómica en malas condicións. O concello nunca obtivo resposta da consellería. Estamos repetindo o acordo do 2016. Dáse un caso parecido ao da rúa Rans. Á vista da experiencia so se repara se é do Concello. O paso sería pedir a transferencia da titularidade e afrontar a situación.

Sr. Rodríguez Fernández: A moción foi rexistrada electronicamente. Están ao tanto dos incumprimentos do goberno actual e tamén do anterior. Non parece lóxico que nola cedan no estado de deterioro actual. Insiste na necesidade de aprobar a moción, de traer o convenio e de que se ampare a presentación por todos os voceiros.

Sr. Valverde Pérez: Non se caracterizaron por aliñarse sistematicamente coa Xunta de Galicia. Apoiarán que se faga algo como en Rans.

Sr. Fernández Comesaña: Pensa que o financiamento estaría nun 70/30 % para a Xunta e Concello, respectivamente.

Sr. Rodríguez Fernández: Non se mete nas porcentaxes de financiamento. No tema de Rans, abstívose e facilitou o acordo.

Sr. Alcalde-Presidente: Aínda que apoiarán a moción, pensa que finalmente haberá que pedir a titularidade e arranxala pola nosa conta.

Sr. Cuevas Raposo: A postura do Alcalde é contraditoria.

Sr. Rodríguez Fernández: Pide que se se aproba se traia unha proposta de convenio. As condicións para unha cesión fixaríaas o Pleno.

Votación e acordo sobre o fondo do asunto.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a Moción.





III.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

III.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estiveron á disposición dos Sres. Concelleiros as Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 18 de febreiro de 2019 (n.º 2019000298) e o 15 de marzo de 2019 (n.º 2019000562), ambos incluídos.

III.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D^a. María Carmen Alonso Macías Jorroto, do grupo Popular:

1.1. En la carretera PO-550, después de pasar el cruce de los Abetos, en la zona peatonal hay un muro particular que está sostenido sobre unos puntales que impiden el paso de los peatones provocando que la gente vaya por la calzada. Yo pensaba que este tema iba a estar 15 días o un mes, pero ya llevamos 3 meses. Me puse en contacto con el propietario para saber que había pasado y me dijo que está esperando la licencia del Ayuntamiento. Si es eso me parece inoperancia.

D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro Delegado: No sé como estará el trámite municipal, pero el retraso grande que va a tener ahí es porque necesita autorización de carreteras de la Xunta. Tardan muchísimo tiempo.

2.- D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:

2.1. As obras do pavillón entendo que seguen sen recibir. Recordo que calquera actividade que se estea a realizar aí pode ter complicacións.

2.2. Existe algún regulamento sobre publicidade en espazos públicos que permita facer publicidade en edificios, instalacións municipais, etc? Hai algo que soporte que unha entidade financeira sexa a única empresa que ten publicidade estática dentro do pavillón municipal?

Sr. Alcalde-Presidente: Falaremos co responsable do pavillón para ver se foi algún club que estea subvencionado e colocaron a pancarta.

3.- D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez, do grupo Popular:

3.1. El 24 de julio del año pasado la Asociación de Empresarios presentó por registro una solicitud por parte de una asociada, en concreto la de la farmacia de Playa América relativa a los aparcamientos. Cuando se arregló la rúa Rans en el lado de la farmacia los aparcamientos disminuyeron, porque hay 4 o 5 contenedores sobre las plazas de aparcamiento. Ella solicitaba una zona para las emergencias de la farmacia. Había una plaza para poder aparcar 5 minutos, pero a 26 de marzo me envían una foto de esa placa en el suelo. Lo solicitamos para todas las farmacias.





3.2. Querría que nos remitese los expedientes de las modificaciones de crédito relativas al 2019.

3.3. El día 2 de marzo le envié al Alcalde una foto por *whatsapp* de unos de los parques de Chandebrito. Ayer estuve allí y está igual o peor, con botellas, cristales, etc. También en ese parque se tuvo que quitar una de las vallas porque estaba oxidada y se estaba cayendo. Le está pasando lo mismo a los otros laterales.

3.4. ¿Cuándo se terminaría el plazo de obras del barrio de la Iglesia?

Sr. Alcalde-Presidente: En quince días.

4.- *D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:*

4.1. No anterior Pleno vostede acusoume de estar defendendo as accións da Xunta de Galiza contra este Concello. Eu lle preguntei que me dixera unha vez que defendera á Xunta de Galiza contra este Concello. Contestou que ía a contestar neste Pleno. Pódeme dicir unha vez en que eu ou o noso grupo defendera á Xunta de Galiza contra este Concello?

Sr. Alcalde-Presidente: Foi un debate de Pleno. Non estou agora recordando o que pasou no Pleno anterior.

4.2. Saíu unha nova no Faro de Vigo na que denunciabamos unhas perdas de auga de máis dunha cuarta parte en Nigrán. Nesa mesma nova indicábase que o Alcalde Juan González asegura que eses datos son falsos, como todas as acusacións que fai o voceiro de Nigrán Decide. É certo que vostede asegurou á prensa que eses datos eran falsos, como todas as acusacións que fai o voceiro de Nigrán Decide?

Sr. Alcalde-Presidente: Non sei se todas, pero nesa eses datos son intencionadamente falseados.

Sr. Cuevas Raposo: Entón non é certo o que sae na noticia de prensa.

Sr. Alcalde-Presidente: De que eses datos eran falseados si é certo.

Sr. Cuevas Raposo: E que todas as acusacións que fago son falsas?

Sr. Alcalde-Presidente: Todas non, pero unha parte importante si.

4.3. Cal é a situación da concesión da cafetería do complexo deportivo Dunas de Gaifar?

Sr. Alcalde-Presidente: Pendente de resolver o contrato coa anterior concesionaria.

Sr. Cuevas Raposo: Rógolle máis dilixencia, porque o expediente caducou.

4.4. O pasado 8 de marzo estivo convocada unha folga feminista. Asistiu algún membro do seu goberno?





Sr. Alcalde-Presidente: Fomos varios.

4.5. Na última sesión do Pleno a Corporación de Nigrán acordou por unanimidade instar ao goberno municipal e ao Alcalde a iniciar un procedemento de revisión con carácter retroactivo dos salarios aboados aos traballadores contratados temporalmente durante o ano 2018 polo Concello, adaptando estes salarios ao convenio colectivo de aplicación. Cando ordenou o inicio dese expediente?

Sr. Alcalde-Presidente: Senón foi ao día seguinte foi ao outro. Está iniciado e os traballadores están tal como puña a moción que se aprobou. E van percibir o que a moción aprobou.

Sr. Cuevas Raposo: A moción tiña dúas partes, a primeira era referente a este ano e eu estoulle preguntando pola segunda parte.

Sr. Alcalde-Presidente: A retroactiva? Esa imaxino que estará no departamento económico para ver que fórmula se pode acadar para unha persoa que estivo contratada. Iso non é tan fácil.

Sr. Cuevas Raposo: Aquí o que se acordaba era instar ao goberno municipal e á Alcaldía a iniciar un procedemento. Eu non lle estou preguntando se é fácil ou difícil. Cando ordenou?

Sr. Alcalde-Presidente: Eu non ordeno, transmito unha aprobación do Pleno.

Sr. Cuevas Raposo: Quedou constancia nalgún sitio de que os funcionarios teñen que iniciar.

Sr. Alcalde-Presidente: Temos reunións continuas e queda constancia. Nós non necesitamos papeis.

Sr. Cuevas Raposo: Hai unha serie de órganos neste Concello, un órgano é o Pleno e hai un órgano que é o Alcalde. Os procedementos os inicia un órgano. Vostede me está dicindo que non. Vamos, que non iniciou o procedemento.

4.6. Está o Concello empregando produtos químicos para combater a vespa velutina?

D. Alfonso Vázquez Pérez, concelleiro Delegado: Están autorizados.

4.7. Informáronme que o servizo de autobús que sae desde Vigo cara a Nigrán pola PO-550 ás 15:30 nos meses de verán é eliminado. De ser certo rógoles que faga as xestións.

4.8. O 26 de febreiro de 2019 ordenou o pago dunha factura polo importe de 1.512 euros en concepto de servizo de limpeza Colexio Humberto Juanes, aula de pintura, actividades municipais. Por que se pagou esa factura?





Sr. Alcalde-Presidente: Porque se limpa a aula de pintura. É a escola municipal.

Sr. Cuevas Raposo: Non lle parece un pouco esaxerado que a empresa de limpeza de edificios escolares, á cal se lle abonan mensualmente pola limpeza de todos os colexios de Nigrán excepto o de Panxón, 20.000 euros aproximadamente, que se lle pague pola limpeza dunha aula 1.500 euros.

Sr. Alcalde-Presidente: É o edificio do conserxe. Pode ser.

4.9. O 26 de febreiro ordenou o pago dunha factura de 1.512,50 euros, casualmente a mesma cifra que á que me acabo de referir, en concepto de servizo de limpeza de aseos públicos en praias durante xaneiro de 2019. Por que se pagou esa factura?

Sr. Alcalde-Presidente: Hai que limpalos. Non hai contrato.

Sr. Cuevas Raposo: Non lle parece esaxerado? Son catro ou cinco baños a maiores.

Sr. Alcalde-Presidente: Límpanse varios días, varias horas ao día.

Sr. Cuevas Raposo: Non lle parece esaxerado que a empresa de limpeza de edificios municipais que mensualmente pola limpeza de todos os edificios municipais, nos cales está incluída a biblioteca, o centro de información á muller, o centro antena, as escolas de Cotros, os edificios da Casa Consistorial, o Pavillón de Deportes, 4 aseos públicos en Ramallosa e as praias, e o mercado municipal, se lle abonan 8.000 euros mensuais, por todos eses traballos se lle abonan 1.512, por 5 ou 6 baños.

Sr. Alcalde-Presidente: Parece esaxerado.

4.10. No pasado pleno, con relación á contratación directa da realización do plan de mobilidade, cando preguntei pola experiencia ten a empresa á que se lle adxudica dito contrato sen concurso público en plans de mobilidade, o concelleiro de Mobilidade sinalou que "As regras xerais de contratación permiten unha serie de contratos por razón de importe adxudicalos a unha empresa sempre que se xustifique que esa empresa está relacionada coa prestación dos servizos.", para mais adiante afirmar que "Será unha empresa técnica que se dedica a facer plans de mobilidade e o demostre coa presentación dunha oferta en condicións." Na oferta que presentou a empresa adxudicataria non figura a realización de ningún plan de mobilidade. Que plans de mobilidade realizou a única empresa a que se lle pediu oferta e se lle adxudicou a realización do Plan de mobilidade?

Sr. Alcalde-Presidente: Segundo me traslada o concelleiro de urbanismo, a mobilidade de tráfico da cidade de Vigo. Logo teñen estudos da mellora de tráfico na cidade de Vigo tamén.

4.11. No pleno celebrado o día 27 de abril de 2017 para dar conta do cumprimento dos acordos plenarios, con relación a proposta presentada por vostede de facultarlle á Alcaldía para que formulara o requirimento previo á interposición do recurso contencioso administrativo contra a Xunta de Galicia pola retirada da subvención do abastecemento de auga a Parada pola Carrasca, vostede sinalou que o acordo plenario foi trasladado á Xunta de Galicia e que non era intención deste goberno iniciar procesos xudiciais contra outras





administracións. Sinalou ademais, que a opinión dos servizos xurídicos deste Concello era que primeiro non é acertado e que as posibilidades de éxito son remotas. Cal é a opinión dos servizos xurídicos deste concello con relación ao contencioso presentado polo concello pola perda da subvención para a mellora de accesos ao Porto do Molle?

Sr. Alcalde-Presidente: Xa dixemos naquela ocasión que considerábase que non era bo ir en procedementos xurídicos ir contra as administracións, pero mirando que cada vez que presentábase algunha cousa pasaba algo nalgunha subvención da Xunta, é unha decisión política.

Sr. Cuevas Raposo: As posibilidades de éxito?

Sr. Alcalde-Presidente: Se nos presentamos é para intentar ganar.

4.12. No pleno celebrado o día 20 de decembro de 2018 formulei a seguinte pregunta “Dos títulos habilitantes para instalar un valo publicitario previstos na lei do solo de Galicia, cal é o título habilitante necesario para instalar un valo publicitario?, contestando o concelleiro de urbanismo que “Unha comunicación previa”. Na Xunta de goberno celebrada o día 6 de marzo de 2019, con relación a instalación dun valo publicitario, lle propuxo a Alcaldía acordar suspender ditos actos e remitir o expediente para a Axencia de protección da legalidade urbanística. Requirían licenza urbanística a instalación deste valo publicitario?

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

4.13. Na Xunta de goberno celebrada o día 15 de marzo de 2019, con relación a instalación de dous valos publicitarios, lle propuxo a Alcaldía acordar suspender ditos actos e remitir o expediente para a Axencia de protección da legalidade urbanística. Requiría licenza urbanística a instalación deste valo publicitario?

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

4.14. Nunha resolución asinada pola Alcaldía o 28 de xuño de 2018, con relación a instalación dun valo publicitario, acordouse suspender ditos actos e remitir o expediente para a Axencia de protección da legalidade urbanística. Requiría licenza urbanística a instalación deste valo publicitario?

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

4.15. Coñece vostede o convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística asinado o 9 de marzo de 2009, no que o Concello de Nigrán delegou na APLU o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística en solo rústico.

Sr. Alcalde-Presidente: Coñezo o convenio.

4.16. Coñece vostede un escrito con data de rexistro de saída da APLU de 24 de xaneiro de 2014 polo que se comunica ao Concello de Nigrán que coa modificación producida pola Lei 9/2013, a delegación de competencias abarca aquelas obras que





precisen de licenza? Polo que aquelas actuacións que sexan obxecto de intervención municipal a través de comunicación previa deben ser tramitadas polo Concello como órgano competente.

Sr. Alcalde-Presidente: Non teño nin idea.

4.17. Coñece vostede a recomendación do Valedor do Pobo dirixida ao Concello de Nigrán para que se adopten as medidas precisas de protección da legalidade urbanística en relación ao caso dunhas obras suxeitas ao réxime de intervención municipal de comunicación previa?

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

4.18. Coñece a sentenza número 263/2015 do Xulgado Contencioso administrativo núm. 2 de Vigo de 6 de xullo de 2015 en relación á delegación de competencias municipais de Nigrán á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística onde di: "Las obras no sometidas a la exigencia de licencia, si no de comunicación previa, no están contempladas dentro del ámbito de la delegación de competencias municipales a la APLU"

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

Sr. Cuevas Raposo: Para min hai un problema grave. A sentenza esta di: "Las obras o sometidas a la exigencia de licencia, si no de comunicación previa, no están contempladas dentro del ámbito de la delegación de competencias", sen embargo vostede está mandando os expedientes a un sitio que sabe que non ten a competencia.

Sr. Alcalde-Presidente: Isto é algo que me transmiten os técnicos. Neste caso o do valo era porque estaba nunha zona viaria e invadía a aliñación.

4.19. Solicitou a empresa Vive Nigrán S.L. as autorizacións pertinentes para realizar esta actividade?

Sr. Alcalde-Presidente: Non teño constancia.

5.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:

5.1. Que se coloque unha valla de protección no paseo de Monte Lourido como se fixo xa nun tramo. Neste caso na parte Sur, que polo corte das árbores dunha parcela quedou a zona desprotexida.

5.2. No paseo de Monte Lourido existen varios socavóns na zona de rodadura, rogo que se reparen.

5.3. Que se limpe e corte o arborado existente nunha parcela de titularidade municipal no SAU 6 por estar colindante con vivendas.

5.4. Que se limpen as beirarrúas na rúa Francisca Lago.





5.5. Que se regulen os grifos dos baños do Concello para que teñen menos tempo de apertura.

5.6. Estanse levando a cabo obras na rotonda da PO-325 coa intersección da rúa Rans. Quen realiza estes traballos? A Xunta ou o Concello? De ser o Concello realízase con persoal municipal ou contratáronse as obras? En que consisten e a canto ascende o seu importe?

Sr. Rial Sánchez: En todas esas rotondas o mantemento é noso. Faise con persoal municipal e ronda os 10.000 euros.

5.7. No Pleno de novembro de 2016 aprobouse a proposta de iniciar conversacións coa propiedade dunha parcela situada na Avda. de Portugal contigua á Praza de Abastos para recuperala como dominio público por estar afectada pola Lei de Costas por estar abandonada e chea de maleza, degradando o entorno, así como foco de contaminación hixiénico sanitario en pleno centro urbano da Ramallosa. Pasados máis de dous anos todo seque igual. Pode informarnos das xestións que realizou? Foi aberto expediente á propiedade para que limpe a finca? En que trámite se atopa a execución subsidiaria polo Concello? De non ser así, que pasou para que non se fixera?

Sr. Alcalde-Presidente: Fai dous meses estivo o Xefe de Demarcación de Costas revisando as praias de Nigrán e tamén fomos a ver a vivenda. Tiveron o compromiso de revisar o expediente para ver que se pode facer. Hai unha posible caducidade da concesión. O 5 de decembro deste ano fíxose unha providencia desde á Alcaldía ao departamento de urbanismo para facer o informe técnico de valoración do estado do inmovible. Os técnicos municipais foron a ver o inmovible, que aínda que está en moi mal estado é posible a súa rehabilitación, estamos vendo a posibilidade de que reverta no patrimonio municipal. A propiedade neste momento pode ser de Costas.

5.8. O pasado Pleno de marzo de 2018 aprobouse por unanimidade unha moción presentada polo noso grupo na que se instaba ao Alcalde-Presidente para que o Concello de Nigrán solicitara a adhesión ao portal de transparencia dos Concellos de Galicia ao amparo do convenio asinado pola Xunta, a Universidade de Vigo e a FEGAMP. Levouse a cabo dita adhesión?

Sr. Alcalde-Presidente: Estase usando a páxina municipal de transparencia. Consultareino.

5.9. O pasado Pleno de marzo de 2017 aprobouse unha moción de UCN para que os viarios de titularidade provincial foran cedidos ao Concello de Nigrán, previo informe dos servizos técnicos municipais para verificar o seu grao de conservación. Que xestións se fixeron durante estes dous anos? Que problemas técnicos poden existir para non materializar este acordo?

Sr. Alcalde-Presidente: Teño que miralo.

5.10. O pasado Pleno de xaneiro de 2018 aprobouse por unanimidade a moción de UCN pola que se acordou actualizar o inventario de vías públicas do municipio, sendo a última revisión de maio de 1999, na que se establecía un prazo de execución a finais de





outubro de 2018. Recentemente anunciou na prensa que se estaban incorporando novos nomes de viarios en relación a un traballo previo realizado. En que situación se atopan os traballos e para cando ten prevista a súa terminación?

Sr. Alcalde-Presidente: Segundo os técnicos que están traballando, para este Pleno do mes de abril confían en ter todo rematado.

5.11. O colexio de Mallón, á parte da súa entrada principal desde a PO-552, tamén dispón dun acceso na parte traseira que foi habilitado desde a súa construción fai máis de 40 anos, para facilitar o acceso aos veciños da zona do Viso, pero recentemente foi pechado, obrigando aos alumnos acceder pola entrada principal. Ten o Concello coñecemento da situación? Cal é a causa e razón que levou á dirección do centro a tomar dita medida? Non sería máis efectivo colocar un porteiro automático para controlar o acceso? Pensa adoptar algunha medida para resolver o problema?

Sr. Alcalde-Presidente: Colocar o porteiro automático. Está falado cos representantes da ANPA. O portal pechouse porque estiveron sen conserxe.

Sr. Rial Sánchez: Estamos pendentes de orzamento. Non hai subministro eléctrico e aínda que hai que facer obras.

5.12. Fai máis dun ano que existen reclamacións de impostos, sobre todo de plusvalía, de liquidacións que foron practicadas ilegalmente e pagadas, sobre todo por apartación de herencias. Cal é a razón de que non se proceda á súa devolución dado o tempo transcorrido?

Sr. Alcalde-Presidente: Non o sei.

6.- D. Xavier Rodríguez Rodríguez, do grupo BNG:

6.1. Reiterar un rogo que fixen nun Pleno pasado para que se aportase terra a algunha das árbores plantadas na rúa Areosa, que están practicamente a caer por falta de terra.

Sr. Rial Sánchez: Xa se aportou pero volve a perdela.

6.2. Hai un báculo que non ten a luminaria na rotonda final de Praia América na Foz. Ou que se repoña ou que se retire. Eu estou a favor de que se retire, porque é antiestética e a rotonda ten luminaria no centro.

Sr. Rial Sánchez: O mellor é retirala. Xa nunca se repuxo desde fai anos porque sobra luz.

6.3. Na rúa de Con en Parada foi aberta con motivo das obras de abastecemento e saneamento de Parada e logo foi pechada con formigón pero sen reposición de asfalto. Leva así desde entón. Vaise a repor o asfaltado?

Sr. Rial Sánchez: Está prevista dentro da obra que fixo AQUALIA.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

6.4. Que importe lle corresponde a Nigrán polo pacto de Estado contra a violencia de xénero?

Sr. Alcalde-Presidente: Teño que preguntalo.

Sr. Rodríguez Fernández: O vou a dicir eu, 4.000 euros aproximadamente. Cando se produce ese ingreso?

Sr. Alcalde-Presidente: Xa temos a resolución, non sei se temos ingresada a cantidade. Desde o CIM están traballando na proposta para ver onde se destina. Eu creo que é unha concienciación dos rapaces e rapazas dos colexios de Nigrán a través dunha publicación dos Bolechas.

6.5. Na planificación de contratos para o ano 2019 a inversión máis importante é de máis ou menos 1 millón de euros, para a urbanización da Ramallosa. Ten redactado ese proxecto?

Sr. Alcalde-Presidente: Si.

Sr. Rodríguez Fernández: Podemos saber en liñas xerais en que consiste? Recolle as peticións feitas na negociación dos orzamentos de 2018 que fixo o BNG de renovación e rehabilitación da zona da piscina?

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

Sr. Rial Sánchez: Non o recolle porque cando se encargou ese proxecto foi antes desa negociación.

Sr. Rodríguez Fernández: Podía saber as liñas xerais?

Sr. Alcalde-Presidente: Similar ao da rúa do Mariñeiro e todas as que estamos facendo. É so un proxecto para ter unha valoración. É un proxecto caro. É un viario da Xunta de Galicia e, sobre todo, o que se intenta é solucionar todos os problemas que ten o centro da Ramallosa que derivan no río Miñor e en todos lados, de cambio total de saneamento e abastecemento en todas as liñas, que son dos anos 70, e remodelar a zona superior coas beirarrúas coas medicións exactas de accesibilidade e unha renovación da entrada do DIA ata a óptica da estrada que vai cara Gondomar, cara o cine e cara a ponte da Ramallosa.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº e Prace
O ALCALDE
Juan Antonio González Pérez

